

O impacto da diferenza entre
países enriquecidos e países empobrecidos
sobre o dereito do traballo e da seguridade social

*The impact of the difference between
rich countries and poor countries
on employment law and social security*



XOSÉ MANUEL CARRIL VÁZQUEZ

Profesor titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade da Coruña
lucasius@udc.es

Resumo

A actual crise económica, provocada polo modelo neoliberal, intensifica a tradicional necesidade de regular internacionalmente as condicións de traballo. Trátase dunha demanda clásica do dereito do traballo e da seguridade social sobre a que insiste a Organización Internacional do Traballo desde o ano 1919, ao afirmar que «se calquera nación non adoptase un réxime de traballo realmente humano, esta omisión constituiría un obstáculo aos esforzos doutras nacións que desexen mellorar a sorte dos traballadores nos seus propios países». Non obstante, esta demanda histórica dunha regulación internacional real e efectiva das condicións de traballo resulta insuficiente sen a adopción doutras medidas non só laborais que teñan en conta precisamente as verdadeiras causas da distinción entre países enriquecidos e países empobrecidos.

Palabras chave: dereito do traballo e da seguridade social, crise económica, normas internacionais do traballo, países empobrecidos, países enriquecidos.

Abstract

The current economic crisis, caused by the neoliberal model, intensifies the traditional need to regulate the labour conditions internationally. It is a classical demand of the Labour and Social Security Law, on which the International Labour Organisation insists since 1919, when affirming «the failure of any nation to adopt human conditions of labour is an obstacle in the way of other nations which desire to improve the conditions in their own countries». Nevertheless, this historical demand of a real and effective international regulation of the labour conditions is insufficient without the adoption of other measures, not only labour, that take into account precisely the true causes of the distinction between enriched countries and impoverished countries.

Keywords: *Labour and Social Security Law, economic crisis, international labour standards; enriched countries, impoverished countries.*

I. Algunhas cuestións metodolóxicas

1. A necesidade de regular internacionalmente as condicións laborais das persoas que traballan é un tema clásico no dereito do traballo e da seguridade social, que cobra maior sentido na actualidade por causa da crise económica provocada polo modelo económico neoliberal. Trátase, en efecto, dun tema clásico, que se fixo visible moito máis nos últimos anos debido á mundialización ou globalización da economía, a través da cal se evidencia con toda a crueza a existencia dunha nova «cuestión social» mais a escala planetaria, con todas as súas consecuencias negativas tanto para os traballadores dos países enriquecidos como para os traballadores dos países empobrecidos, tal e como amosa a crise que están a padecer as persoas que viven –ou vivían– do seu traballo. E trátase, en fin, dun tema que evidencia, ademais, que a demanda histórica dunha regulación internacional real e efectiva das condicións de traballo resulta insuficiente sen a adopción doutras medidas non só laborais que teñan en conta precisamente as verdadeiras causas da distinción entre países enriquecidos e países empobrecidos.

2. Antes de abordarmos concretamente este tema, convén aclararmos algunhas cuestións de metodoloxía acerca de como se quixo proceder ao estudo do impacto da diferenza entre países enriquecidos e países empobrecidos sobre o dereito do traballo. E iso porque «cando se estuda o mundo do traballo, vese este como un ente autónomo, como se existise en si mesmo e non constituíse parte dun todo articulado, complexo, heteroxéneo, diverso e contraditorio» ou «como se non formase parte dunha realidade concreta que existe como totalidade e non como parcialidade e baleiro subliminal»¹. Esta concreta forma de aproximarse ao estudo do dereito do traballo é certamente limitada, razón por que resulta preciso recorrer a outra metodoloxía que teña en conta cuestións que non son específicas do dereito do traballo, mais que teñen un impacto directo sobre este.

3. Isto quere dicir, por exemplo, que de se estudaren a dinámica salarial ou o emprego debe terse presente tamén que se trata de institucións sobredeterminadas por outros fenómenos tales como a acumulación do capital, os investimentos produtivos, o desemprego, a competencia e a dinámica da economía mundial². Por iso, o tema do impacto da diferenza entre países enriquecidos e países empobrecidos sobre o dereito do traballo debe ser presentado en relación directa coas estruturas legais e socioeco-

¹ Cfr. SOTELO VALENCIA, A. (2004) *Desindustrialización y crisis del neoliberalismo. Maquiladoras y telecomunicaciones*. México DF, Plaza y Valdés, p. 32.

² *Ibidem*, p. 33.

nómicas do capitalismo actual, que son as que lles atribúen un papel moi concreto ao traballo e ao dereito que o regula.

II. A mundialización ou globalización da economía como realidade que revitaliza, por causa da actual crise económica, a demanda histórica dunha regulación internacional real e efectiva das condicións de traballo

4. Como se sabe, a necesidade dunha regulación internacional das condicións de traballo estivo presente desde sempre no nacemento e desenvolvemento do dereito do traballo dos estados, precisamente co propósito firme de «igualar as cargas e de atenuar as desigualdades da competencia internacional» existente entre os propios estados³. E iso porque se as lexislacións laborais se concentrasen unicamente «dentro das fronteiras nacionais, a súa existencia, pensábase, habería de ser precaria, xa que as necesidades da competencia terían primacía sobre as consideracións sociais de protección do traballo»⁴, prexudicando seriamente os «traballadores, mediante unha especie de *dumping* inhumano»⁵. Así se recoñecía oficialmente, como proba a parte XIII do Tratado de Paz de Versalles de 28 de xuño de 1919, asinado entre as potencias aliadas e asociadas e Alemaña, polo que se creaba a Organización Internacional do Traballo como un organismo permanente para a regulamentación internacional do traballo, que tomaba como unha das súas guías de actuación a afirmación relativa a que a «paz universal... non pode fundarse senón sobre a base da xustiza social»⁶. No devandito tratado considerábase «que se calquera nación non adoptase un réxime de traballo realmente humano, esta omisión constituiría un obstáculo aos esforzos doutras nacións que desexen mellorar a sorte dos traballadores nos seus propios países»⁷.

³ Cfr. MONEREO PÉREZ, J. L. (1996) *Derechos sociales de la ciudadanía y ordenamiento laboral*. Madrid, CES, p. 109.

⁴ Cfr. VALTICOS, N. (1977) *Derecho internacional del trabajo*. Madrid, Tecnos, p. 27. O propio autor –citando a E. Mahaim– pon de exemplo disto como «a partir de 1802, os directores ingleses de fábricas de fiados, opostos a calquera regulamentación sobre o traballo dos nenos, predicían que por causa desta se arruinaría a industria británica en proveito da competencia francesa» (*ibidem*, nota 2).

⁵ *Ibidem*, pp. 119 e 120.

⁶ Cfr. parágrafo 1.º do seu preámbulo.

⁷ Cfr. parágrafo 3.º do seu preámbulo. Non pode sorprender por iso que se afirme que «a noción de que o que en cada país ocorrer en materia laboral pode transcender a comunidade internacional» [cfr. ALONSO OLEA, M. e CASAS BAAMONDE, M. E. (2003) *Derecho del trabajo*. Madrid, Civitas, p. 693], até o extremo de que «cuestións que se tiñan por típicas do dereito interno, pasan a estar internacionalmente reguladas» [cfr. ALONSO OLEA, M. (1997) «Aspectos de la internacionalización del derecho del trabajo» en VV. AA. *Evolución del pensamiento juslaboralista. Estudios en homenaje al prof. Héctor-Hugo Barbagelata*. Montevideo, Fundación de Cultura Universitaria, p. 38].

5. Esta regulación internacional das condicións de traballo ten maior sentido como reivindicación no actual contexto de «recente mundialización da economía»⁸. E é que, a pesar dos que en nome do «realismo» consideran que o «mercado dita o verdadeiro, o bo, o belo, o xusto» e que apartarse das súas leis, «escritas pola soada “man invisíbel” que regula e ordena todas as transaccións dun mundo interconectado..., sería –dinnos– encamiñarse fatalmente cara á ruína e a decadencia»⁹, nesta etapa do proceso de internacionalización da economía parece reiterarse efectivamente a necesidade, como mínimo, dunhas regras internacionais do traballo que sirvan tamén para frear os prexuizos do galopar desbocado das tres «liberdades liberticidas» sobre as que se sustenta a orde mundial ultraliberal (liberdade de circulación de capitais, liberdade de investimento e liberdade de circulación de bens e servizos ou libre cambio)¹⁰.

Efectivamente, esta necesidade intensifícase por causa da denominada globalización (do inglés *globalization*)¹¹ –ou mundialización (do francés *mondialisation*)– da economía, que «é o nome dado á máis moderna, avanzada e ampla forma do mercado mundial»¹² e que o Fondo Monetario Internacional definiu tecnocraticamente como «a interdependencia económica crecente de todos os países do mundo polo aumento e a variedade das transaccións transfronteirizas sobre as mercadorías, os servizos e os fluxos de capitais internacionais, así como polo feito dunha distribución máis rápida e máis ampla da tecnoloxía»¹³.

⁸ Cfr. LEE, E. (1997) «Mundialización y normas del trabajo. Puntos del debate» *Revista Internacional del Trabajo* vol. 116, n.º 2, p. 191.

⁹ Cfr. RAMONET, I; CHAO, R. e WOZNIAC, J. (2004) *Abecedario (subjetivo) de la globalización*. Barcelona, Seix Barral, pp. 18 e 19.

¹⁰ Cfr. CASSEN, B. (2001) «Pola reconquista do sentido das palabras» en Cassen, B.; Hoang-Ngoc, L. e Imbert, P.-A. (coords.) *Attac contra a ditadura dos mercados*. Santiago de Compostela, Laiovento, p. 109. E iso porque estas «liberdades» teñen un só e único fin: acadar os máximos beneficios, con independencia de toda consideración social, cultural, ecolóxica e, evidentemente, democrática» (*ibidem*).

¹¹ Formalmente, o «termo globalización é recente», dado que «semella que o acuñou en 1983 o profesor T. LEVITT, da Universidade de Harvard». Cfr. CASSESE, S. (2002) «El espacio jurídico global» *Revista de Administración Pública* 157, p. 12.

¹² Cfr. SAMPEDRO, J. L. (2002) *El mercado y la globalización*. Barcelona, Ediciones Destino, p. 59.

¹³ Cfr. LIEMT, G. V. (1992) «La mondialisation de l'économie: options des travailleurs et stratégies des entreprises dans les pays à coûts salariaux élevés» *Revue Internationale du Travail* vol. 131, n.º 4-5, p. 485.

6. Aínda que en realidade non pareza tratarse de algo novo¹⁴—en especial de se reparar na lóxica do capitalismo liberal descrita por Marx e Engels en 1848¹⁵—, esencialmente serían tres as causas da actual fase deste proceso de internacionalización da economía. A primeira é a relativa á «supresión ou redución das barreiras xurídicas á circulación de bens, servizos, capitais e en menor medida persoas, producida tanto a nivel rexional (no marco das áreas de integración económica que xa existían, a Unión Europea sobre todo; ou que se crearon, NAFTA e MERCOSUR, por exemplo) como mundial (en particular, os acordos alcanzados no marco da Rolda de Uruguai do GATT e da organización dela xurdida, a Organización Mundial do Comercio)»¹⁶.

A segunda, refírese á «nova organización descentralizada e en rede das grandes empresas, que pasaron de ser empresas multinacionais a se converteren en corporacións transnacionais, así como [a]os seus novos métodos produtivos (do paradigma de produción fordista-taylorista tradicional pasouse á paradigma posfordista ou da especialización flexible), adaptados á actual sociedade da información»¹⁷.

¹⁴ Incidindo sobre esta idea de que a globalización non constitúe «un fenómeno novo», véxase FARIA, J. E. (2001) *El derecho en la economía globalizada*. Madrid, Editorial Trotta, pp. 49 e 50.

¹⁵ Ao afirmaren no Manifesto do Partido Comunista o que segue:

A grande industria creou o mercado mundial. O mercado mundial acelerou prodixiosamente o desenvolvemento do comercio, da navegación e dos medios de transporte por terra... Aguilloada pola necesidade de lles dar unha saída cada vez máis ampla aos seus produtos, a burguesía percorre o mundo enteiro. Necesita aniñar en todas as partes, establecerse en todas as partes, crear vínculos en todas as partes. Mediante a explotación do mercado mundial, a burguesía deulles un carácter cosmopolita á produción e ao consumo de todos os países. Con gran pesar dos reaccionarios, subtraeu á industria a súa base nacional. As antigas industrias nacionais foron destruídas e aínda seguen ao seren a diario. Son suplantadas por novas industrias, cuxa introdución se converte nunha cuestión vital para todas as nacións civilizadas, por industrias que non empregan materias primas locais, senón materias primas provenientes das máis afastadas rexións do mundo e cuxos produtos non só se consomen no propio país, máis, de forma simultánea, en todas as partes do globo. En lugar das antigas necesidades, satisfeitas con produtos nacionais, xorden necesidades novas, que reclaman para a súa satisfacción produtos dos países máis afastados e dos climas máis diversos. En lugar do antigo illamento e a autarquía das rexións e nacións, establécese un intercambio universal, unha interdependencia universal das nacións.

Cfr. MARX, K. e ENGELS, F. (1998) *Manifiesto del Partido Comunista*. Barcelona, Ediciones Curso, p. 30 e ss.

¹⁶ Cfr. MIR PUIGPELAT, O. (2004) *Globalización, Estado y Derecho. Las transformaciones recientes del derecho administrativo*. Madrid, Civitas, p. 31. Incidindo sobre o tema, véxase tamén SPYROPOULOS, G. (1999) «Les relations professionnelles dans le tourbillon de la mondialisation» *Droit Social* 3, p. 231.

¹⁷ Cfr. MIR PUIGPELAT, O. (2004) *op. cit.*, p. 32. Analizando o fordismo, o toyotismo e a acumulación flexible, véxase ANTUNES, R. (2003) *¿Adeus ao traballo? Ensaio sobre as metamorfoses e a centralidade do mundo do traballo*. Vigo, A Nosa Terra, p. 7 e ss.

E a terceira alude ao «desenvolvemento espectacular das tecnoloxías da información e a comunicación –en especial, da internet– producido nos últimos anos...[, que] permitiu superar as limitacións espazo-temporais tradicionais e aumentar de forma exponencial a cantidade e a velocidade de circulación da información, así como reducir de forma moi importante o seu custo... cunha especial incidencia na globalización dos mercados financeiros, posibilitando unha mobilidade nunca vista dos capitais (sobre todo dos puramente especulativos)»¹⁸.

7. Así concibida, a globalización da economía supón un complicado reto para as relacións laborais en todos os países do mundo¹⁹, pois confírmase o temor fundado de que xera «unha competencia á baixa no que respecta aos salarios e ás normas de traballo»²⁰, ao estenderse a idea de que «o aumento da competencia transnacional como resultado da mundialización acrecenta o empeño de reducir os custos, incluídos os... laborais, e flexibilizar o sistema de protección, con prexuízo para os niveis de protección alcanzados polas normas laborais»²¹. Trátase, en efecto, dun reto moi complicado de vencer, ao establecerse unha «carreira de rebaixas»²² nas condicións laborais e de seguridade social que leva inexorablemente a que todos os traballadores formen parte dun «xigantesco bazar» mundial²³, en que os estados, en competencia con outros, ofrecen a súa man de obra a un prezo máis baixo –e por tanto máis atractivo– co fin de alcanzaren tratos con empresas en virtude dos cales estas se comprometan a permanecer ou establecerse por vez primeira nos seus respectivos territorios.

8. Pono de relevo a reformulación –ou desmantelamento– que fan os propios estados da súa soberanía no ámbito económico e social (estado-providencia, estado-empresa-

¹⁸ *Ibidem*, 32 e 33. Segundo se indica no programa adoptado no I Seminario Internacional da Asociación para a Taxación das Transaccións Financeiras para Axuda dos Cidadáns (ATTAC) –realizado en Saint-Ouen os días 11 e 12 de decembro de 1998– «máis de 1,8 billóns de dólares van e veñen cada día nos mercados de cambio, na procura dun beneficio instantáneo, sen relación co estudo da produción e do comercio de bens e servizos». Cfr. CASSEN, B.; HOANG-NGOC L. e IMBERT, P.-A. (coords) (2001) *op. cit.*, p. 121.

¹⁹ Véxase OZAKI, M. (1999) «Relaciones laborales y globalización» *Relaciones Laborales* 1, p. 72.

²⁰ Cfr. LEE, E. (1996) «Mundialización y empleo: ¿se justifican los temores?» *Revista Internacional del Trabajo* vol. 115, n.º 5, p. 528.

²¹ Cfr. LEE, E. (1997) «Mundialización y normas del trabajo. Puntos del debate» *Revista Internacional del Trabajo* vol. 116, n.º 2, p. 191.

²² *Ibidem*, p. 195.

²³ Cfr. LEE, E. (1996) *op. cit.*, p. 534.

rio, estado-lexislador)²⁴ «como espazo territorial e social en que se adoptan de forma libre e independente as decisións políticas fundamentais e se elaboran de maneira autónoma as normas xurídicas correspondentes»²⁵, tras a apertura paulatina dun proceso de cesión do seu poder a «dous grandes tipos de suxeitos de ámbito supraestatal, de carácter privado o primeiro e público o segundo: as grandes empresas transnacionais e as organizacións internacionais ou supranacionais»²⁶.

No caso das empresas transnacionais ou multinacionais²⁷, esta perda de soberanía apréciase na capacidade de influencia que posúen sobre moitos estados²⁸ ao recorrerem á chantaxe do que hoxe se coñece co eufemismo de «deslocalización», consistente «en trasladar a actividade produtiva a un país distinto en que o custo da man de obra sexa inferior ao do país de orixe»²⁹. Trátase dunha arma poderosísimamente eficaz

²⁴ Véxase SPYROPOULOS, G. (1996) «Encadrement social de la mondialisation de l'économie: bilan et perspectives d'avenir de l'action normative au niveau international dans le domaine du travail» *Droit Social* 6, p. 552. Aínda que non noutros ámbitos, posto que a operación de «extinción do estado económico... [e] diminución do estado social» inclúe tamén o «reforzo e a glorificación do estado penal», de tal modo que o chamado «estado-providencia» non só ten o «deber de adelgazar» senón tamén o «de castigar os seus fieis desmandados e elevar “a seguridade”, definida estreitamente en termos físicos e non en termos de ameazas contra a vida (salarial, social, médica, educativa etc.), ao rango da acción pública». Cfr. WACQUANT, L. (2003) *As prisións da miseria*. Santiago de Compostela, Laiovento, p. 12.

²⁵ Cfr. MIR PUIGPELAT, O. (2004) *op. cit.*, p. 28. Cuestionando que os estados perdan realmente o seu poder, véxase NAVARRO, V. (2000) *Globalización económica, poder político y estado del bienestar*. Barcelona, Editorial Ariel, p. 111 e ss.

²⁶ Cfr. MIR PUIGPELAT, O. (2004) *op. cit.*, p. 38.

²⁷ Tendo en conta que «the designation “multinational” is not accepted by all», dado que en ocasións tamén son empregadas as expresións «international enterprise» e «transnational corporation» (cfr. INTERNATIONAL LABOUR OFFICE (1973) *Multinational Enterprises and Social Policy*. Xenebra, International Labour Office, p. 3, nota 2), estas empresas teñen sido definidas, «sen refinamento maior... [como] as que “están establecidas” en máis dun país, de forma que a súas diversas unidades “están ligadas entre si de modo tal que algunhas delas poden exercer unha influencia significativa sobre as actividades das outras”... [e] que son propietarias ou controlan a produción, a distribución dos servizos ou outras [actividades] fóra do país en que teñen a súa sede». Cfr. ALONSO OLEA, M. (1997) *op. cit.*, p. 41.

En igual sentido, e sobre a base de que propoñer unha definición non resulta ser unha tarefa doada, tense afirmado que «the simplest of definitions, is that MNCs [Multinational Companies] are enterprises that in more than one country own or control production or service facilities and activities that add value». Cfr. LEAT, M. e WOOLLEY, J. (1999) «Multinationals and employee relations» en Hollinshead, G.; Nicholls, P. e Tailby, S. (eds.) *Employee Relations*. Londres, Financial Times, p. 96.

²⁸ Sobre as relacións entre as empresas transnacionais e os estados, e o papel que estes últimos xogan no desenvolvemento de tales empresas, véxase NAVARRO, V. (2000) *op. cit.*, p. 115 e ss.

²⁹ Cfr. ALARCÓN CARACUEL, M. R. (2004) «La informatización y las nuevas formas de trabajo» en Alarcón Caracuel, M. R. e Esteban Legarreta, R. (coords.) *Nuevas tecnologías de la información y la comunicación y derecho del trabajo*. Alacante, Editorial Bomarzo, p. 11. Chantaxe que as novas tecnoloxías da

—de que en España, por certo, xa deu conta o propio Tribunal Constitucional³⁰— pola cal os estados, ante a posibilidade real de «perderen os investimentos millonarios das corporacións transnacionais (ou coa finalidade de as atraeren, no caso dos países que non contan aínda con elas...)»³¹, non vacilan en acomodaren as súas lexislacións laborais e de seguridade social ás demandas de abaratamento dos custos laborais formuladas por aquelas³². E constitúe ademais unha arma que se emprega fronte aos estados —e por conseguinte tamén fronte aos seus cidadáns e traballadores— á marxe de calquera control democrático, pois cómpre non esquecermos que estas empresas transnacionais son sociedades mercantís que á hora de planificaren a súa actuación «non teñen ningunha obriga de incorporar os cidadáns non-accionistas nos seus procesos de toma de decisións, nin de considerar sequer a súa opinión»³³.

Esta cesión da soberanía estatal prodúcese igualmente en favor de numerosísimas organizacións internacionais, as cales, en función do seu ámbito xeográfico de actuación, poden ser mundiais (caso da Organización Mundial do Comercio [OMC], o Banco Mundial [BM] ou o Fondo Monetario Internacional [FMI]) e rexionais (caso da Unión Europea [UE] ou do Mercado Común do Sur [Mercosur]). Trátase de organizacións que «teñen en común a súa estreita vinculación co fenómeno da globalización económica»³⁴ —até o punto de afirmarse que son «institucións políticas

información e as comunicacións «facilitaron..., especialmente no ámbito do sector servizos... [, posto que] non se trata xa de ter que “levantar a fábrica” e instalala noutra parte, o cal non sempre é factible, senón simplemente de contratar noutro país certos traballadores que poden desenvolver alí a súa tarefa sen necesidade de o centro neurálxico da empresa se desprazar un metro» (*ibidem*).

³⁰ Concretamente, na STC 119/2002, de 20 maio (BOE de 19 xuño) —ditada no recurso de amparo interposto contra a Sentenza do Xulgado do Social n.º 1 de Navarra, que rexeitou a pretensión de se anular parte do convenio colectivo de Volkswagen Navarra, SA relativa a salarios, e contra a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 11 de novembro de 1998, que confirmaba a anterior— rexístrase a alegación patronal de que «o investimento podería realizarse noutra factoría radicada noutro estado..., o que suporía inevitabelmente pór en perigo do futuro da factoría ou outros prexuízos nas condicións de traballo» (cfr. o seu antecedente de feito 6, parágrafo 2.º).

Sobre este tema, narrando a persistencia da súa problemática, véxase PÉREZ CAPITÁN, L. (2003) «Volkswagen Navarra 2002: crónica de un conflicto» *Revista de Derecho Social* 21, p. 209 e ss.

³¹ Cfr. MIR PUIGPELAT, O. (2004) *op. cit.*, p. 41.

³² De aí a afirmación relativa a que «nun ambiente de alto, dramaticamente alto, desemprego, problema número un das nosas sociedades democráticas... a maioría dos gobernos, se non todos, “póñense de xeonllos” con tal de atraeren investimentos do exterior». Cfr. BLANPAIN, R. (1985) «Regulación transnacional de las relaciones de trabajo en empresas multinacionales» *Relaciones Laborales* tomo II, p. 318.

³³ Cfr. MIR PUIGPELAT, O. (2004) *op. cit.*, 62. Sobre o tema, véxase FARIA, J. E. (2001) *op. cit.*, p. 60 e ss.

³⁴ Cfr. MIR PUIGPELAT, O. (2004) *op. cit.*, pp. 47 e 48.

da globalización económica»³⁵-, e a cuxa creación contribuíron os propios estados³⁶ (por iso se entendeu tamén a idea de que «a globalización non diminúe o papel dos estados, simplemente instaura unha nova intervención acorde coa nova relación entre estado e capital agora establecida»)³⁷. Este traspaso da soberanía dos estados a estas organizacións internacionais non só se evidencia nas competencias que estas pasan a asumir para lexislaren directamente sobre moi diversas materias, incluídas as relativas a cuestións estritamente laborais (caso, por exemplo, da Unión Europea)³⁸, senón tamén na capacidade que as ditas organizacións teñen para condicionar «*de facto*... as políticas e as normas que aprobarán os diferentes estados nacionais», ao subordinaren a súa axuda a que os estados cumpran todo un conxunto de «requisitos institucionais, xurídicos e económicos»³⁹ (caso, por exemplo, do Fondo Monetario Internacional e do Banco Mundial)⁴⁰.

9. Como é lóxico, este enfraquecemento da soberanía dos estados xustifica no presente o interese que ten o movemento sindical de intensificar o seu labor tamén no ámbito internacional, precisamente coa finalidade de contrarrestar os efectos negativos da

³⁵ *Ibidem*, p. 48.

³⁶ Sempre sobre a base de que estas institucións de carácter internacional constitúen «asociacións voluntarias de estados establecidas por acordo internacional, dotadas de órganos permanentes, propios e independentes, encargados de xestionar uns intereses colectivos e capaces de expresar unha vontade xuridicamente distinta da dos seus membros». Cfr. SOBRINO HEREDIA, J. M. (1999) «Las organizaciones internacionales: generalidades» en Díez de Velasco, M. *Las organizaciones internacionales*. Madrid, Tecnos, p. 44.

³⁷ Cfr. MAESTRO BUELGA, G. (2001) «De la constitución normativa a la desnormativización constitucional: globalización y constitución débil» *Jueces para la Democracia* 42, p. 48.

³⁸ Véxase a parte III, título IX («Emprego») e título X («Política social»), do Tratado de funcionamento da Unión Europea (versión consolidada publicada no DO C 83, de 30 de marzo de 2010).

³⁹ Cfr. MIR PUIGPELAT, O. (2004) *op. cit.*, p. 56.

⁴⁰ No caso do Fondo Monetario Internacional, cando un país membro obtén un dos seus préstamos as autoridades dese país comprométese a cumprir co requisito da chamada «condicionalidade», que implica basicamente a aprobación de certas políticas económicas e financeiras, relativas, por exemplo, á contención da inflación, a redución da débeda pública, a liberalización dos prezos e do comercio, o fortalecemento dos sistemas financeiros ou as melloras no ámbito da xestión do goberno (sobre o tema, véxase a ficha técnica da condicionalidade do FMI no enderezo web <<http://www.imf.org/external/lang/portuguese/np/exr/facts/conditiop.pdf>>).

No caso do Banco Mundial, téñase en conta que para que un país se converta en membro –e tamén do Grupo do Banco Mundial– debe ingresar antes no Fondo Monetario Internacional (sobre o tema, véxase a información dispoñible sobre a estrutura desta entidade no enderezo web <<http://www.worldbank.org>>).

fase actual do citado proceso de internacionalización da economía⁴¹. E é que esta etapa, moi favorable para as organizacións empresariais –que viven certo «momento de esplendor»⁴²–, amosou aos traballadores que o sindicalismo internacional segue a ser arestora «unha necesidade»⁴³, posto que as causas que xustificaron a súa organización en sindicatos de carácter internacional a partir da segunda metade do século XIX «non só continúan viventes, senón que se ampliaron considerablemente como consecuencia dos novos fenómenos económicos que caracterizan o actual desenvolvemento económico e político»⁴⁴.

Este labor de contrapeso das organizacións sindicais internacionais é indispensable para denunciar e corrixir as inxustizas que leva aparelladas a globalización da economía, mais tamén resulta insuficiente se non vai acompañado doutro conxunto de medidas que, alén de recoñeceren e garantiren unhas condicións laborais e de seguridade social minimamente aceptables, impliquen a posibilidade real de «controlar as regras de funcionamento do mercado global»⁴⁵, aínda que aquí, como se terá oportunidade de comprobar a continuación, hai bastante hipocrisía.

III. A cláusula social nas regras do comercio internacional

10. Este conxunto de medidas, máis aló da actual filosofía do «dereito brando» (*soft law*)⁴⁶ –materializado nas iniciativas da etiquetaxe social, os códigos de conduta e a

⁴¹ Sobre o tema, véxase SASTRE IBARRECHE, R. (2003) «Algunas claves para un sindicalismo también mundializado» *Revista de Derecho Social* 21, p. 67 e ss.

⁴² Cfr. OJEDA AVILÉS, A. (1995) *Derecho sindical*. Madrid, Tecnos, p. 109. O que, por certo, non debe sorprender de se reparar en que é «o tempo da cultura da empresa» [cfr. BAYLOS GRAU, A. (1991) *Derecho del trabajo: modelo para armar*. Madrid, Trotta, p. 87], chegándose a falar «así da identidade e do orgullo da empresa, que se reapropia por fin da súa historia, escrita hoxe en positivo fronte ao desvalor que determinadas posicións lle asignaron no inmediato pasado, e de construción social dunha imaxe forte e suxestiva que inflúe decisivamente nos comportamentos sociais» (*ibidem*).

⁴³ Cfr. MIOTTO, R. (1976) *Les syndicats multinationaux*. Roma, Istituto per l'Economia Europea, p. 157.

⁴⁴ Cfr. SALVADOR, J. e ALMENDROS, F. (1972) *Panorama del sindicalismo europeo. Tomo II*. Barcelona, Editorial Fontanella, p. 341.

⁴⁵ Cfr. ROMAGNOLI, U. (1999) «Globalización y derecho del trabajo» *Revista de Derecho Social* 5, p. 18.

⁴⁶ Analizando a consolidación –como alternativa ás normas sociais fortemente imperativas– deste chamado «dereito brando», véxase MERINO SEGOVIA, A. e RENTERO JOVER, J. (2003) «Fórmulas atípicas de regulación de las relaciones laborales en la empresa transnacional: códigos de conducta y buenas prácticas» en Baylos Grau, A. (coord.) *La dimensión europea y transnacional de la autonomía colectiva*. Alacante, Editorial Bomarzo, p. 271 e ss.

responsabilidade social das empresas que tamén foron promovidas polo sindicalismo internacional⁴⁷–, insiste en determinar o grao de «vinculación que debe existir entre a liberalización do comercio internacional e o recoñecemento universal dos dereitos humanos, e dentro deles dos dereitos fundamentais no traballo (liberdade sindical, negociación colectiva, prohibición do traballo forzoso e infantil, e non-discriminación)»⁴⁸, sempre co propósito de despexar o complexo «problema da dimensión social do comercio internacional, máis coñecido baixo a denominación de ‘cláusula social’»⁴⁹, e que se refire, en esencia, á viabilidade da «introdución de normas mínimas de traballo nas regras do comercio internacional»⁵⁰.

11. Esta idea de vincular o desenvolvemento do comercio mundial ao respecto dos dereitos laborais non pode dicirse que sexa realmente «nova»⁵¹, ao enlazar de forma directa coa tradicional preocupación de evitar que os traballadores se vexan prexudicados cando, incorrendo nunha situación de «competencia destrutiva»⁵², un estado «tolera que as súas empresas empreguen o seu persoal en condicións de traballo e salariais completamente deplorables»⁵³, para que estas empresas poidan «exportar os seus produtos a un prezo baixo e obter deste xeito unha vantaxe ilexítima sobre os seus competidores»⁵⁴. Con este tipo de «cláusula social» téntase promover –xeralmente baixo a ameaza de sancións– a mellora das condicións laborais nos países

⁴⁷ Sobre estas, véxase DILLER, J. (1992) «A social conscience in the global marketplace? Labour dimensions of codes of conduct, social labelling and investor initiatives» *International Labour Review* vol. 138, n.º 2, p. 102 e ss.; CARRIL VÁZQUEZ, X. M. (2003) *Asociaciones sindicales y empresariales de carácter internacional*. Granada, Comares, p. 159 e ss.; e VAN DER LAAT ECHEVERRÍA, B. (2003) «Cláusulas sociales, códigos de conducta y normas de responsabilidad social del empresario» en Sanguinetti Raymond, W. e García Laso, A. (eds.) *Globalización económica y relaciones laborales*. Salamanca, Ediciones Universidad, p. 163 e ss.

⁴⁸ Cfr. ALONSO OLEA, M. e CASAS BAAMONDE, M. E. (2003) *op. cit.*, pp. 693 e 694.

⁴⁹ Cfr. HANSENSE, M. (1994) «La dimension sociale du commerce international» *Droit Social* 11, p. 839.

⁵⁰ Cfr. EDGREN, G. (1979) «Normes équitables du travail et libéralisation du commerce» *Revue Internationale du Travail* vol. 118, n.º 5, p. 557.

⁵¹ Cfr. HANSENSE, M. (1994) *op. cit.*, p. 839. Sobre o seu carácter tradicional, véxase tamén CHARNOVITZ, S. (1987) «L'influence des normes internationales du travail sur le système du commerce mondial» *Revue Internationale du Travail* vol. 126, n.º 5, p. 635.

⁵² Cfr. PERULLI, A. (1999) *Diritto del Lavoro e Globalizzazione. Clausole sociali, codici di condotta e commercio internazionale*. Padua, CEDAM, p. 17.

⁵³ Cfr. SERVAIS, J. M. (1989) «La clause sociale dans les traités de commerce: prétention irréaliste ou instrument de progrès social?» *Revue Internationale du Travail* vol. 128, n.º 4, p. 463.

⁵⁴ *Ibidem*.

exportadores⁵⁵, ao se esixir o cumprimento do deber de lles «garantir os dereitos mínimos aos seus traballadores no marco da regulación económica internacional»⁵⁶.

12. Inspirada na tradicional reivindicación das organizacións sindicais internacionais de vincular o comercio internacional a unha determinada política social, trátase dunha proposta que rexistra certos problemas, porque a inclusión destas concretas cláusulas sociais en acordos comerciais de vocación universal –segundo se desprende das diversas conferencias ministeriais que tiveron lugar no seo tanto do Acordo xeral sobre aranceis aduaneiros e comercio como da Organización Mundial do Comercio– atopou esencialmente dous obstáculos para a súa materialización⁵⁷.

O primeiro é o relativo á oposición dos gobernos dos países en desenvolvemento, que «non están convencidos da necesidade de incluír unha cláusula social nos acordos comerciais»⁵⁸, ao consideraren que «isto sería inxusto... [e] contrario ao dereito ao desenvolvemento»⁵⁹. En concreto, consideran que a inclusión da devandita cláusula suporía: 1) aplicar normas a «sistemas económicos e sociais diferentes»⁶⁰, sen ter en conta «o nivel das realidades económicas do Terceiro Mundo»⁶¹; 2) destruír a súa «vantaxe competitiva»⁶²; e 3) unha «forma de proteccionismo que os países industrializados e os grupos de interese especiais dentro deles queren impor»⁶³, precisamente para evitaren os prexuízos económicos das «importacións baratas e de calidade superior dos países en vías de desenvolvemento»⁶⁴.

⁵⁵ Dado que con ela se limitan ou prohiben «as importacións, ou as importacións baixo réxime preferencial, de produtos que proveñen de países, de sectores ou de empresas en que as condicións de traballo son inferiores a certas normas mínimas». Cfr. VAN LIEMT, G. (1989) «Normes minimales du travail et commerce international: une clause sociale serait-elle opérante?» *Revue Internationale du Travail* vol. 124, n.º 4, p. 476.

⁵⁶ Cfr. SERVAIS, J. M. (1989) *op. cit.*, p. 463.

⁵⁷ Sobre as enormes diferenzas que suscita o tema, véxase BIT (1994) «L'Organisation mondiale du commerce et la clause sociale» *Revue Internationale du Travail* vol. 133, p. 448 e ss.; e VAN DER LAAT ECHEVERRÍA, B. (2003) *op. cit.*, p. 156 e ss.

⁵⁸ Cfr. TSOGAS, G. (1996) «Including labour Standard in international trade agreements» *European Industrial Relations Review* 275, p. 27.

⁵⁹ Cfr. BESSE, G. (1994) «Mondialisation des échanges et droits fondamentaux de l'homme au travail: quel progrès possible aujourd'hui?» *Droit Social* 11, p. 845.

⁶⁰ *Ibidem*.

⁶¹ Cfr. TSOGAS, G. (1996) *op. cit.*, p. 27

⁶² *Ibidem*.

⁶³ *Ibidem*.

⁶⁴ *Ibidem*.

E o segundo obstáculo é o representado polas distintas posturas das organizacións sindicais e empresariais de carácter internacional nas conferencias ministeriais da Organización Mundial do Comercio acerca do modo e lugar en que debe efectuarse a incorporación da citada cláusula social. Así, mentres que o movemento sindical «está xeralmente a favor da inclusión de cuestións laborais e sociais no traballo da [Organización Mundial do Comercio]»⁶⁵, as organizacións empresariais, en cambio, opóñense á «introdución dunha cláusula social nas regras do sistema comercial para permitir a aplicación de medidas coercitivas para facer cumprir os estándares laborais»⁶⁶, por consideraren que a Organización Mundial do Comercio «é un “corpo legislativo” no campo do comercio e non podería contribuír ao exame dos medios para mellorar os estándares laborais»⁶⁷.

13. Talvez foi a existencia destas complicacións o que xustificou, dun lado, que o devandito debate se trasladase ao seo da Organización Internacional do Traballo, que segundo a declaración adoptada na conferencia ministerial da Organización Mundial do Comercio realizada en Singapur en 1996 «é o foro apropiado para promover os estándares laborais, non a... [Organización Mundial do Comercio]»⁶⁸, e, por tanto, o «organismo competente para establecer e ocuparse destes estándares»⁶⁹. E, do outro, que precisamente fose a Organización Internacional do Traballo a que decidise «proseguir a discusión en forma dunha declaración solemne»⁷⁰. En efecto, a declaración da Organización Internacional do Traballo relativa aos principios e dereitos fundamentais no traballo de 18 de xuño de 1998⁷¹ pretende servir de «referencia para as discusións internacionais sobre estándares sociais, en particular na Organización

⁶⁵ Cfr. CARLEY, M. (2000) «Labour issues unresolved as WTO talks fail» *European Industrial Relations Review* 312, p. 28.

⁶⁶ Cfr. parágrafo 2.º da *Policy Statement on the Social Clause*, da Organización Internacional de Empregadores, de 3 de xuño de 1996, que se cita por fotocopia do documento orixinal.

⁶⁷ Cfr. parágrafo 3.º da *Policy Statement on the Social Clause*, da Organización Internacional de Empregadores, de 3 de xuño de 1996, que se cita por fotocopia do documento orixinal.

⁶⁸ Cfr. CARLEY, M. (2000) *op. cit.*

⁶⁹ Cfr. LEARY, V. A. (1997) «The WTO and the Social Clause: Post-Singapore» *European Journal of International Law* vol. 8, n.º 1, p. 119. Sobre o tema, véxase tamén VELLANO, M. (1998) «Le plein emploi et la clause sociale dans le cadre de l'OMC» *Revue Générale de Droit International Public* vol. 102, n.º 4, p. 902.

⁷⁰ Cfr. CLOUTIER, M. (2000) *La declaración de principios de la OIT: un instrumento para promover los derechos fundamentales. Guía de educación obrera*. Xenebra, OIT, p. 5.

⁷¹ Aprobada na LXXXVI Reunión da Conferencia Internacional do Traballo, realizada en Xenebra do 2 ao 16 de xuño de 1998. Sobre ela, véxase RODRÍGUEZ-PIÑERO, M. e BRAVO-FERRER, M. (2000) «Política, globalización y condiciones de trabajo» *Relaciones Laborales* 11, p. 1 e ss.

Mundial do Comercio»⁷², tendo en conta que, en definitiva, «a súa influencia e o seu alcance práctico serían moito máis intensos se os principios e dereitos fundamentais en cuestión fosen incluídos nunha cláusula social»⁷³.

Incidindo na necesidade de que se cumpran os convenios da Organización Internacional do Traballo sobre a protección da «liberdade de asociación e a liberdade sindical, e o recoñecemento efectivo do dereito de negociación colectiva»⁷⁴, a «eliminación de todas as formas de traballo forzoso ou obrigatorio»⁷⁵, a «abolición efectiva do traballo infantil»⁷⁶ e a «eliminación da discriminación en materia de emprego e ocupación»⁷⁷, esta declaración preséntase como «un simple recordatorio do marco constitucional e dos compromisos que asumen os estados membros pola súa soa pertenza á OIT»⁷⁸, aínda que carece de «forza vinculante»⁷⁹, porque «non garda ningunha relación con denuncias nin sancións»⁸⁰. E é que con ela tan só se pretende fomentar «a xustiza social... apelando ás aspiracións das persoas á equidade, ao progreso social e á erradicación da pobreza, e non mediante a imposición de sancións que poderían desvirtuarse para alcanzar fins proteccionistas no comercio internacional»⁸¹.

⁷² Cfr. [s. a.] (1998) «ILO human rights declaration» *European Industrial Relations Review* 294, p. 3.

⁷³ Cfr. EUZEBY, A. (2000) «L'OIT a quatre-vingts ans: quatrième âge ou nouvelle jeunesse?» *Droit Social* 1, p. 65.

⁷⁴ Véxase o punto 2, letra a), da declaración, que alude aos convenios da OIT n.º 87, sobre liberdade sindical e protección do dereito de sindicación, e n.º 98, relativo á aplicación dos principios dos dereitos de sindicación e de negociación colectiva.

⁷⁵ Véxase o punto 2, letra b), da declaración, que incide no establecido polos convenios da OIT n.º 29, sobre traballo forzoso, e n.º 105, de abolición do traballo forzoso.

⁷⁶ Véxase o punto 2, letra c), da declaración, que insiste sobre o disposto polo convenio da OIT n.º 138, sobre a idade mínima para o traballo. Acerca deste mesmo tema, debe terse en conta tamén a aprobación do convenio da OIT n.º 182, sobre as peores formas de traballo infantil e a acción inmediata para eliminalas.

⁷⁷ Véxase o punto 2, letra d), da declaración, con alusión aos convenios da OIT n.º 100, acerca da igualdade de remuneración, e n.º 111, sobre discriminación.

⁷⁸ Cfr. GIL Y GIL, J. L. e USHAKOVA, T. (1999) «La declaración de la OIT relativa a los principios y derechos fundamentales en el trabajo» *Documentación Laboral* 59, p. 107. A propia declaración afirma que «todos os membros, aínda cando non ratificasen os convenios aludidos, teñen un compromiso que se deriva da súa simple pertenza á Organización de respectar, promover e facer realidade, de boa fe e de conformidade coa Constitución, os principios relativos aos dereitos fundamentais que son obxecto destes convenios» (cfr. o punto 2, parágrafo 1.º).

⁷⁹ Cfr. GIL Y GIL, J. L. e USHAKOVA, T. (1999) *op. cit.*, p. 101.

⁸⁰ Cfr. CLOUTIER, M. (2000) *op. cit.*, p. 7.

⁸¹ Cfr. KELLERSON, H. (1998) «La Declaración de la OIT de 1998 sobre los principios y derechos fundamentales: un reto para el futuro» *Revista Internacional del Trabajo* vol. 117, n.º 2, p. 247. Así se desprende da propia declaración, ao afirmarse que «as normas de traballo non deberían utilizarse con fins

IV. O «modo 4» de prestación de servizos do Acordo xeral sobre o comercio de servizos da Organización Mundial do Comercio

14. Ao mesmo tempo que se debatían estas cuestións no seo da Organización Mundial do Comercio, tamén se abordaba o tema da liberalización do comercio de servizos na Unión Europea coa polémica Directiva Bolkestein ou Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior⁸². Aínda que na actualidade esta directiva só afecta aos prestadores de servizos legalmente establecidos nun estado membro (isto é, os constituídos conforme á lexislación dun estado membro e con sede social, administración central ou centro de actividade principal na Unión Europea), quedando excluídos dela os prestadores de servizos de terceiros países⁸³, non convén esquecermos aquí a existencia de intercambios de servizos a nivel internacional que son obxecto de negociacións no marco do Acordo xeral sobre o comercio de servizos da Organización Mundial de Comercio (tamén coñecido como GATS, polo seu acrónimo en inglés).

En primeiro lugar, por causa de que a propia directiva –do mesmo xeito que na súa primeira versión de 13 de xaneiro de 2004⁸⁴– repara neles ao afirmar que «non afecta as negociacións en organizacións internacionais sobre comercio de servizos, en particular, no marco do Acordo xeral sobre o comercio de servizos (AXCS)»⁸⁵. E, en segundo lugar, tamén por causa de que parece estar a se abrir outra vía de liberalización

comerciais proteccionistas, e [que] nada nesta declaración e o seu seguimento poderá invocarse nin utilizarse doutro modo cos devanditos fins; ademais, de ningún modo debería pórse en cuestión a vantaxe comparativa de calquera país sobre a base desta declaración e o seu seguimento» (cfr. punto 5).

⁸² DO L n.º 376, de 27 de decembro de 2006. Sobre os antecedentes desta directiva, véxase FOTINOPOULOU BASURKO, O. (2006) «Presente, pasado y futuro de la Directiva relativa a los servicios sobre el mercado interior» *Revista de Derecho Social* 34, pp. 89 e 90. E tamén CARRIL VÁZQUEZ, X. M. (2007) «El debate actual sobre la protección social de los trabajadores como límite a la libre prestación de servicios en el mercado interior de la Unión Europea» *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña* 11, p. 107 e ss.

⁸³ O inciso primeiro do seu considerando 16 afirma que «esta directiva só afecta aos prestadores establecidos nun estado membro e non trata aspectos exteriores».

⁸⁴ Nela establecíase que «non interfere as devanditas negociacións, cuxo obxectivo é facilitar as operacións en materia de servizos e que pon de relevo a necesidade de que a UE estableza rapidamente un auténtico mercado interior de servizos para garantir a competitividade das empresas europeas e reforzar a súa posición na negociación». Véxase o punto denominado «Negociacións no marco do GATS» na epígrafe 5 («Coherencia coas demais políticas comunitarias») do resumo que precedía o texto articulado desta primeira proposta en cuestión.

⁸⁵ Véxase o inciso segundo do seu considerando 16.

do «mercado» de traballo de inspiración moi semellante á que inicialmente tiña a citada directiva e que, logo de moitas mobilizacións, acabou sendo abortada pero a nivel mundial, que é o que no Acordo xeral sobre o comercio de servizos da Organización Mundial do Comercio se denomina formalmente co nome aséptico de «modo 4»⁸⁶.

15. Este «modo 4» constitúe precisamente o último dos «modos» previstos de prestación de servizos no Acordo xeral sobre o comercio de servizos⁸⁷, en virtude do cal a subministración dun servizo pode ser realizada «por un provedor de servizos dun membro mediante a presenza de persoas físicas dun membro no territorio de calquera outro membro»⁸⁸. Trátase, por conseguinte, dun «modo» que incentiva a mobilidade temporal de persoas físicas, e concretamente o desprazamento temporal de traballadores emigrantes no marco dunha prestación de servizos transnacional⁸⁹, mais sen especificar nada –cando menos expresamente– acerca das condicións de traballo en que realizarán o servizo por conta da súa empresa no territorio do estado a que se desprazan. En efecto, aínda que o Acordo xeral sobre o comercio de servizos contén algunhas referencias a cuestións laborais, o certo é que estas apenas inciden na exención dos requisitos legais que poden establecer os estados que reciban a prestación de servizos en materia de permisos de residencia e de traballo⁹⁰.

16. Quizais por iso tampouco conveña pasarmos por alto os efectos negativos que pode ter este peculiar «modo» de prestación de servizos sobre a protección social dos traballadores, tendo en conta que implica o que xa se deu en chamar un fenómeno de «deslocalización no lugar [*délocalisation sur place*]»⁹¹. E é que, tendo presente sempre

⁸⁶ O texto deste acordo pode consultarse no enderezo web < http://www.wto.org/english/docs_e/legal_e/26-gats.pdf >.

⁸⁷ De conformidade co artigo 1.2 do Acordo xeral sobre o comercio de servizos, os outros tres modos de subministro dun servizo son: 1) «do territorio dun membro ao territorio de calquera outro membro» (letra a); 2) «no territorio dun membro a un consumidor de servizos de calquera outro membro» (letra b); e 3) «por un provedor de servizos dun membro mediante a presenza comercial no territorio de calquera outro membro» (letra c).

⁸⁸ Cfr. o artigo 1.2, letra d), do Acordo xeral sobre o comercio de servizos.

⁸⁹ Sobre o tema, véxase JANSEN, M. e PIERMARTINI, R. (2005) *The impact of Mode 4 Liberalization on Bilateral Trade Flows*, dispoñible no enderezo web <http://www.wto.org/english/res_e/reser_e/wpaps_e.htm>.

⁹⁰ Véxanse o seu artigo V bis, rotulado «Acordos de integración dos mercados de traballo», e tamén o seu anexo sobre «o movemento de persoas físicas provedoras de servizos no marco do acordo».

⁹¹ Con cita de Emmanuel Terray, véxase MATH, A. e SPIRE, A. (2004) «Des travailleurs jetables» *Plein Droit* 61.

o teor literal do Acordo xeral sobre o comercio de servizos, nada impediría que unha empresa europea, por exemplo, en lugar de contratar unha empresa asiática para a realización de determinadas actividades no seu país de orixe, obtívase o mesmo resultado importando temporalmente os traballadores da devandita empresa estranxeira para realizaren os servizos contratados en Europa, mais de acordo sempre coa lexislación laboral e de seguridade social do país asiático en cuestión⁹².

Trátase, en definitiva, dun tema que inquieta e que, de novo, pode acabar por converter a citada Directiva 96/71/CE do Parlamento e do Consello, sobre o desprazamento de traballadores efectuado no marco dunha prestación de servizos, nunha norma de actualidade laboral aínda máis inmediata, de se ter en conta que esta soamente resulta de aplicación en principio «ás empresas establecidas nun estado membro que, no marco dunha prestación de servizos transnacional, despracen traballadores... no territorio dun estado membro»⁹³.

17. Obviamente, este sistema de comercio de servizos aprovéitase dos diferentes niveis de vida —e de necesidade— existentes nos países enriquecidos e empobrecidos, aínda que isto non queira recoñecerse de forma aberta ao se soste que estas diferenzas poden ser eliminadas pondo o comercio internacional ao servizo do desenvolvemento e da redución da pobreza, na medida en que con iso se contribúe ao crecemento económico dos países empobrecidos. Ora ben, en realidade esta peculiar posta á disposición non deixa de ser a liberalización dos servizos nos países empobrecidos, isto é, a privatización destes servizos como consecuencia dun proceso previo de desregulación. Así o evidencia o propio Parlamento Europeo na súa Resolución de 4 de setembro de 2008, sobre o comercio de servizos⁹⁴, en que se insiste sobre a necesidade da apertura dos mercados de servizos nos devanditos países, que contén afirmacións tales como que a «liberalización dos servizos se converteu... nun elemento chave de numerosas estratexias de desenvolvemento»⁹⁵.

⁹² O exemplo xa foi traído a colación nos seguintes termos: «Unha empresa india de servizos informáticos pode trasladar así un enxeñeiro a Italia, no marco dun contrato de traballo indio previo, e para unha prestación limitada no tempo. Neste exemplo, obsérvase claramente... unha *deslocalización in situ*: en vez de que a empresa italiana encargue o deseño dun programa informático na India..., obtén o mesmo resultado importando provisionalmente a Italia, e de forma totalmente legal, un indio remunerado con salarios indios». Cfr. CASSEN, B. (2005) «La OMC amplía la directiva Bolkestein. Nuevos contratos de trabajo», *Le Monde diplomatique* [edición española] 121, p. 3.

⁹³ Cfr. o seu artigo 1.1.

⁹⁴ DO C 295, de 4 de decembro de 2009.

⁹⁵ Véxase a súa letra G, *in fine*.

V. A indispensable distinción entre países enriquecidos e países empobrecidos como punto de partida para unha regulación internacional real e efectiva do traballo nunha nova orde mundial

18. En fin, parece que estes son os desafíos para unha regulación internacional das condicións de traballo no marco actualmente deseñado pola globalización da economía. Como se tivo a oportunidade de apreciar, trátase dunha situación nada favorable para os intereses das clases que viven do seu traballo, posto que as regras de xogo que contribuíron á formación do dereito do traballo están a incumprirse –e a se eliminar– por causa dunha liberdade intencionadamente mal concibida.

E é que ao reaccionar fronte ás inxustizas do capital, o dereito do traballo, nado para protexer os traballadores –a parte máis débil nas relacións de produción–, vese desprazado do seu lugar tradicional de contrapeso pola competitividade dun mercado cada vez máis mundializado e en que de maneira cínica se rexeita calquera tipo de intervención, precisamente por entenderse que o propio mercado é a liberdade, aínda que sen admitir a súa propia contradición⁹⁶, pois –como xa se tentou explicar de xeito pedagóxico a través dun exemplo sinxelo– ocúltase o dato elemental de que cando un «entra nun mercado a comprar mais non leva diñeiro [...] constatará no acto que non poderá comprar nada, que sen diñeiro non hai alí liberdade, que a liberdade de elixir a dá o diñeiro»⁹⁷.

Precisamente porque este mercado mundial tampouco implica liberdade, resultan imprescindibles novas regras de xogo, malia que non só as estritamente laborais que demanda o sindicalismo internacional, que complementen as xa existentes e que atendan ademais as peculiaridades de cada país, en especial dos países pobres, en que se «reforza a idea de que a única vantaxe competitiva de que poden dispor para saír do subdesenvolvemento é o irrisorio custo do traballo que os países ricos desaprobam e combaten, sen que con todo fagan nada ou cando menos o que sería preciso para favorecer a tendencia natural á suba deste»⁹⁸. Sen a adopción de regras que loiten contra «a usurpante supremacía do económico»⁹⁹ e asuman ao mesmo tempo a

⁹⁶ Véxase MESZAROS, I. (2003) *O século XXI: socialismo ou barbarie?* Vigo, A Nosa Terra, p. 9 e ss.

⁹⁷ Cfr. SAMPEDRO, J. L. (2002) *op. cit.*, p. 31.

⁹⁸ Cfr. ROMAGNOLI, U. (2003) «El derecho del trabajo en la era de la globalización» *Revista de Derecho Social* 24, p. 16.

⁹⁹ Cfr. SAMPEDRO, J. L. (2002) *op. cit.*, p. 84.

«reivindicación do control mediante os votos da democracia efectiva, de que abdicaron os gobernos desregularizadores»¹⁰⁰, pouco pode facer o dereito do traballo, dado que a tradicional idea de regular internacionalmente as condicións de traballo resulta insuficiente por si soa para resolver o verdadeiro problema de fondo, que non é outro que o ocasionado polo conflito existente entre os países enriquecidos e os países empobrecidos e que –por pura lóxica– fai comprensible que as clases populares dos países enriquecidos e empobrecidos acaben enfrontándose ás elites económicas.

¹⁰⁰ *Ibidem.*